## CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E A ESTRUTURACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS E OUTRAS ACCIÓNS DE FOMENTO NAS UNIVERSIADES DO SUG, NOS ORGANISMOS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA E NOUTRAS ENTIDADES DO SISTEMA GALEGO DE I+D+I 2020

No diario Oficial de Galicia do día 17 de febreiro publicouse a convocatoria das axudas para consolidar, estruturar e especializar as unidades de investigación mais competitivas do SUG de I+D+i mediante as seguintes modalidades:

Modalidade A: Grupos de referencia competitiva ED431C
Modalidade B: Grupos con potencial de crecemento ED431B
Modalidade C: Proxectos de excelencia ED431F

Co fin de facilitar e axilizar a cumprimentación de solicitudes o máximo posible establécense os seguintes prazos e procedementos de presentación.

### PROCEDEMENTO E PRAZOS DE PRESENTACIÓN INTERNOS

**Os prazos que a continuación se establecen son máximos. Tendo en conta a súa brevidade, solicitase aos grupos de investigación/investigadores que envíen a documentación, á Oficina de Investigación e Tecnoloxía, e fagan a solicitude na Sede Electrónica da Xunta de Galicia á maior brevidade posible, sen esperar ás datas finais establecidas.**

1.- Os grupos de investigación interesados en participar **nas modalidades A, B ou C** desta convocatoria, **antes das 14 horas do día 21 de febreiro.**

No Caso de presentarse as modalidades A ou B deberán cumprimentar a seguinte declaración de interese.
No Caso de presentarse a modalidade C deberán cumprimentar a seguinte declaración de interese.

A Oficina de investigación e tecnoloxía, á vista da documentación recibida remitiralles a estes grupos a seguinte documentación:

- Certificado de composición do grupo.
- Certificado de ingresos de I+D competitivos.
- Os datos relativos ao persoal contratado.

Os certificados relativos a patentes en explotación, rexistros en propiedade intelectual en sofware, rexistro de variedades vexetais, Acordos de explotación ou empresas EBT ou Spin-off deberán solicitar Área de Valorización, Transferencia e Emprendemendo a través do seguinte enderezo electrónico: avte@usc.es

### ANTES DAS 14 HORAS DO DÍA 2 DE MARZO

2.- Todos os grupos de investigación cumprimentarán e remitirán ao enderezo recursoshumanos.consolidacion@usc.es o documento acreditativo dos **REQUISITOS:**

- Modalidade A Grupos de referencia competitiva
- Modalidade B Grupos de potencial de crecemento
- Modalidade C: Proxectos de excelencia

Como referencia do envío no asunto do correo correspondente deberá indicarse:

- Para *Grupos de Potencial Crecemento*: GPC_Requisitos GI- nº de Grupo
- Para *Grupos de Referencia Competitiva*: GRC_Requisitos GI- nº de Grupo
- Para Proxectos de excelencia: Excelencia_nome ip

A Oficina de investigación e tecnoloxía, unha vez revisado, e de ser o caso asinado, o devolverá aos grupos de investigación, para que o incorporen á súa solicitude na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.

3.- Polo que respecta á **MEMORIA** **descritiva da estratexia de investigación, estruturación e consolidación que vai seguir o grupo (o formato obrigatorio pode atopalo premendo sobre MEMORIA),** deberá ser cumprimentada e **asinada polo coordinador do grupo**, non sendo necesario enviala á OIT, pois serán os grupos de investigación/investigadores os que terán que anexala na Sede electrónica da Xunta de Galicia.

**ANTES DAS 14 HORAS DO DIA 12 DE MARZO**

**4.-Os grupos de investigación/investigadores deberán, na Sede electrónica da Xunta de Galicia GRC, GPC e Excelencia:**

- Cumprimentar a solicitude
- Anexar a documentación correspondente
- Compartir Borrador da solicitude coa USC, e enviar á dirección de correo electrónico recursoshumanos.consolidacion@usc.es, un email avisando que o borrador foi compartido.

**PROCEDEMENTO DE PRECARGA DE SOLICITUDES NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA**

A presentación de solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, pero terá que ser validada finalmente pola Universidade. Debido a isto establecese o seguinte ***procedemento de presentación de solicitudes***:

Os GRUPOS DE INVESTIGACIÓN serán os que deberán cumprimentar a solicitude e "***subir***" a documentación á sede electrónica da Xunta de Galicia para o que seguirán os seguintes pasos:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

## PASO 1: CUMPRIMENTAR O FORMULARIO DE SOLICITUDE (ANEXO IV/V)

1.- Debe acceder á Sede electrónica da Xunta de Galicia (https://sede.xunta.gal) e no buscador poñer o código do procedemento (Para acceder ao procedemento debe premer en dito código).:

**ED431C** Grupos de Referencia Competitiva (GRC)

**ED431B** Grupos de Potencial de Crecemento (GPC)

**ED431F** Proxectos de excelencia




2.-A continuación debe premer en: **Tramitar en liña.**




3.-Debe identificarse coa chave 365 ou ben co Certificado Dixital

4.- Cambio de preferencias




5.-Cumprimentar os seguintes datos na pantalla de solicitude:

**A.-DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE** (*cubrir tal e como está na seguinte imaxe*)

**ED431C**
**ED431B**
**ED431F**



## B.-E NA SÚA REPRESENTACIÓN

**Este apartado debe ser cuberto cos datos persoais do/a coordinador/a do grupos solicitante)**

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)**

NOME/RAZÓN SOCIAL: NOME DO SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO: *1º APELIDO DO SOLICITANTE*

SEGUNDO APELIDO: *2º APELIDO DO SOLICITANTE*

NIF: *00000000X*

CARGO: *CARGO DO SOLICITANTE*

## C.-DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

**Este apartado debe ser cuberto, pois senón non deixa continuar**

## D.-DATOS DA PERSOA COORDINADORA DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN

**Deben encherse os campos cos datos persoais do coordinador/a.**

**DATOS DA PERSOA COORDINADORA DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN**

NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

TIPO: Seleccione | NOME DA VÍA | NUM | BLOQ | ANDAR | PORTA

PARROQUIA | LUGAR

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA: Seleccione | CONCELLO: Seleccione | LOCALIDADE

TELÉFONO | TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

## E.-RAMA DE COÑECEMENTO *(Seleccione a opción que corresponda)*

**RAMA DE COÑECEMENTO**

- Artes e Humanidades
- Ciencias
- Ciencias da Saúde
- Ciencias Sociais e Xurídicas
- Enxeñaría e Arquitectura

## F.-AREA TEMÁTICA *(Debe elixir unha do **desplegable**)*

**ÁREA TEMÁTICA**

AGR - Agricultura
BFS - Bioloxía Fundamental e de Sistemas
BVAE - Bioloxía Vexetal, Animal e Ecoloxía
BMED - Biomedicina
CTM - Ciencia e Tecnoloxía de Materiais
TA - Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos

## G.-A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

Débese marcar que esta entidade non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade.

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

(●) Esta entidade non solicitou nin se lle concederon axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas, como:

( ) Esta entidade si solicitou e/ou se lle concederon, ou están pendentes de resolución de concesión, outras axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas, a saber:

| DESCRICIÓN DA AXUDA E CONCEPTO | ESTADO (1) | IMPORTE (€) |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicarase PENDENTE. No caso de solicitudes denegadas, farase constar DENEGADA.

## H.-DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA *(Débese marcar a documentación que se presenta )*

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

| |
|---|
| ☐ Certificado da composición do grupo emitido pola universidade solicitante, indicando o código e/ou a denominación do grupo. |
| ☐ Certificado asinado pola persoa representante legal da entidade solicitante de que se conta con toda a documentación exixida na lexislación para a investigación con animais, de ser o caso. |
| ☐ Certificado emitido pola universidade á que pertence o grupo, que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos no anexo II da orde de convocatoria. |
| ☐ Memoria descritiva da estratexia de investigación, estruturación e consolidación que vai seguir o grupo e que xustifica a necesidade desta axuda. |
| ☐ Certificado de ingresos de I+D competitivos, computados de acordo co sinalado nos artigos 2 e 4 da convocatoria, obtidos polo grupo de investigación, expedido pola entidade solicitante. |

## I.- COMPROBACIÓN DE DATOS. Non se debe marcar ningún

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

| **Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.** | OPÓÑOME Á CONSULTA |
|---|---|
| DNI/NIE da persoa representante | ☐ |
| Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria | ☐ |
| Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social | ☐ |
| Certificado de estar ao día no pagamento á Consellería de Facenda | ☐ |

A continuación debe **PREMER** en **GARDAR** (se nese momento non quere anexar a documentación) ou en **CONTINUAR** (se a continuación quere anexar a documentación).

## PASO 2: ANEXAR DOCUMENTACIÓN

Si xa realizou un primeiro borrador de solicitude, **NON** debe realizar unha nova, debe recuperar a realizada en **OS MEUS PROCEDEMENTOS E BORRADORES, OPCIÓN BORRADORES.**

Para iniciar o anexado de documentación debe premer no botón **CONTINUAR,** aparecerá a lista de documentos a anexar, a partir de ai deberá proceder a subir os seus documentos que procedan, segundo o caso:

- Certificado asinado de cumprimento de requisitos
- Certificado asinado de composición de grupo
- Certificado de ingresos de I+D
- Memoria descritiva da estratexia de investigación

**MOI IMPORTANTE**: Recoméndase que os documentos estean en **formato pdf**. Que o título sexa curto, sen acentos, sen barras e sen comillas e deben ser nomeados co **código do grupo+tipo de documento**.

Exemplo: **GI-001_AnexoII.pdf**


Lista de documentos a anexar co formulario de solicitude:

Certificado emitido pola universidade a que pertence o grupo.
Seleccionar documento | Anexar

Certificado asinado pola persoa representante legal da entidade solicitante de que se conta con toda a documentación exixida na lexislación para a investigación con animais.
Seleccionar documento | Anexar

Certificado emitido pola universidade a que pertence o grupo, que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos no anexo II da orde de convocatoria.
Seleccionar documento | Anexar

Memoria descritiva da estratexia de investigación, estruturación e consolidación.
Seleccionar documento | Anexar

Certificado de ingresos de I+D competitivos, computados de acordo co sinalado nos artigos 2 e 4 da convocatoria.
Seleccionar documento | Anexar

DNI ou NIE da persoa representante.
Seleccionar documento | Anexar

Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
Seleccionar documento | Anexar

Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
Seleccionar documento | Anexar

Certificado de estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda.
Seleccionar documento | Anexar

Unha vez anexados os documentos debe premer en **GARDAR.** No caso de que a súa solicitude esté completa debe **COMPARTIR BORRADOR.** No caso de que a súa solicitude non esté completa debe GARDAR e recuperala mais adiante para completala dende o apartado “os meus borradores” e posteriormente compartir borrador.

**BAIXO NINGÚN CONCEPTO DEBE PREMER EN ASINAR E PRESENTAR**

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

## PASO 3: PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE NA USC

A continuación debe ir a **"OS MEUS PROCEDEMENTOS E BORRADORES"**, despois premer no botón **COMPARTIR** da súa solicitude **antes das 14 horas do 12 de Marzo**, pasando a súa solicitude aos borradores da USC.







Logo da revisión dos documentos subidos polos interesados, podería ocorrer que se detectase que o documento subido non é valido ou porque se teña que emendar algún erro, polo que se podería de novo **compartir/devolver** o borrador á persoa titular da solicitude, para que unha vez o teña solucionado nolo volva a compartir.

## PRAZO LÍMITE PARA COMPARTIR O BORRADOR DA SOLICITUDE COA USC

**ANTES DÍA 12 DE MARZO DE 2020 ás 14:00 h.**

**Lembrade que co fin de poder garantir a presentación de todas as solicitudes na data de finalización do prazo establecido pola Xunta de Galicia é necesario que toda a documentación necesaria para a presentación da mesma esté subida na Sede Electrónica e o borrador compartido coa USC antes do 12 de marzo de 2020 as 14:00 horas.**

**A partir desta data a USC non poderá garantir a presentación das solicitudes en prazo.**